

PROPOSTA DA XERENCIA DE CRITERIOS PARA A EXECUCIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PAS LABORAL

21 de setembro de 2016

Tras a aprobación da relación de postos de traballo (RPT) do persoal laboral de administración e servizos polo Consello de Goberno o pasado 22 de xullo de 2016, cómpre establecer o procedemento para executala, considerando os seguintes como principios reitores:

- aplicar criterios xerais e obxectivos acordados coa representación do persoal
- garantir o bo funcionamento e a xestión ordinaria dos centros e unidades
- garantir no maior grao posible os dereitos do persoal en relación coa localidade, quenda e unidade do seu destino definitivo
- evitar a necesidade de concursar, mediante a asignación de destino definitivo á maior parte do persoal afectado

Con esta finalidade, para a súa negociación e acordo cos Comités de Empresa de Ourense e Pontevedra fórmulanse unha serie de criterios, de natureza obxectiva, similares aos acordados na execución de RPTs anteriores, sen prexuízo do establecido no *Acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo derivados dos procesos de provisión e selección* (DOG do 7 de abril de 2009).

CRITERIOS

- Cando unha unidade resulte modificada e proceda a posibilidade de opción, esta realizarase consonte a seguinte orde de prelación:
 - a) Persoal fixo e destino definitivo, persoal indefinido non fixo e persoal con contrato de interinidade en vacante.
 - b) Antigüidade na categoría na UVI.
 - c) Antigüidade na UVI.
 - d) Antigüidade na administración.

Estes criterios xerais e obxectivos aplicaranse nas seguintes situacións:

- Cando nunha unidade se creen subunidades diferenciadas, o persoal da mesma categoría, campus e quenda poderá optar entre elas; de ocupar un destino definitivo, o posto elixido manterá este carácter.
- Para asignar a apertura nocturna entre os Técnicos Especialistas de Bibliotecas.
- A modificación da denominación das categorías dos postos dos centros de apoio á investigación non modificará nin o carácter do destino nin o resto das características do posto que se veña desempeñando.
- Terá carácter provisional a adscrición a:
 - a) direccións técnicas, do persoal que tivera atribuído un complemento de responsabilidade
 - b) a postos que teñen atribuído este complemento, do persoal que non o estaba a percibir
 - c) a postos en unidades distintas
- O persoal que no momento da execución da RPT tivera atribuído un posto mediante adscrición provisional, continuará no seu desempeño, agás que se suprimira ou sexa necesario atribuír lle outro.